

ACTA DA MESA DE CONTRATACIÓN

En Mos, 29 de xullo de dous mil vinte catro.

Na sala de reunións da Casa Consistorial de Mos, ás 9:30 horas, reúnese a Mesa de Contratación na licitación, mediante procedemento aberto simplificado, de contrato administrativo de subministro de unha miniescavadora para o Departamento de vías e obras do Concello de Mos, integrada pola Sra. Alcaldesa, Dna. Nidia María Arévalo Gómez como Presidenta, D. Leo Costas Alonso, Concelleiro delegado de contratación, D. Carlos Piñeiro Sarmiento, Secretario do Concello, e Dna M^a Jesús Piñeiro Bello, Interventora municipal, como Vocais. Actúa como Secretaria da Mesa de Contratación, a funcionaria Dna. Rosa Rodríguez González, adscrita á Secretaría, que da fe do acto.

PRIMEIRO.- A Mesa de contratación en sesión celebrada o 24 de xullo de 2024, segundo o disposto na cláusula 17.3.2 dos PCAP, procedeu a abrir o arquivo II “DOCUMENTACIÓN TÉCNICA” do candidato que obtivo mellor puntuación TALLERES TURQUINO S.L. (*Unha vez descartado o primeiro candidato por puntuación por non axustarse aos PPT*), e o remitiu aos Servizos Técnicos para comprobar, á vista da ficha técnica da máquina, se esta reunía as características mínimas esixidas segundo o PPT, para garantir e certificar que os produto ofertado cumpre cos requisitos técnicos marcados nesos PPT.

Nesa mesma data, os Servizos técnicos emiten o informe solicitado pola Mesa, informe no que se indica que o licitador deberá facer constar que na oferta se inclúe o martelo hidráulico HM026T da Marca JCB, que si se reflicte coa documentación gráfica da miniescavadora que se achega coa oferta. En consecuencia, a Mesa acorda solicitar de TALLERES TURQUINO S.L. indicación respecto do martelo hidráulico ofertado, de acordo co informe técnico.

Remitida por TALLERES TURQUINO S.L. indicación demandada no prazo concedido, remítese esta aos Servizos Técnicos, que en data 29 de xullo de 2024 emiten o seguinte informe:

“INFORME

ASUNTO.- OFERTAS SUBMINISTRO de MINIESCAVADORA para o departamento de VIAS e OBRAS.

EXPEDIENTE XESTIONA.- 81/2024.

*Examinado o expediente de referencia, o PREGO de PRESCRIPCIONS TECNICAS para o SUBMINISTRO de MINIESCAVADORA para o departamento de VIAS e OBRAS do Concello de Mos e a ficha técnica achegada pola empresa TALLERES TURQUINO da miniescavadora **E34**, informase o seguinte:*

- *A máquina ofertada pola citada empresa cumpre co establecido no prego de prescricións técnicas.*

O que se informa aos efectos oportunos.”



SEGUNDO.- De conformidade co disposto na cláusula 17 do PCAP a Mesa formula proposta de adxudicación a favor de: TALLERES TURQUINO S.L., por ser a oferta máis vantaxosa con arranxo aos criterios de adxudicación indicados no PCAP e cumprindo os parámetros técnicos previstos nos pregos. As condicións da oferta son os seguintes:

Máquina ofertada: Bobcat (marca), E34 (modelo)

A) Prezo sen IVE: Cuarenta y nueve mil ochocientos euros (en letra), 49.800 euros (en número).

B) Imposto sobre o valor engadido (IVE 21%) Diez mil cuatrocientos cincuenta y ocho euros (en letra), 10.458 euros (en número).

C) TOTAL (A+B) Sesenta mil doscientos cincuenta y ocho euros (en letra), 60.258 euros (en número).

Oferta adicionalmente as seguintes condicións:

Oferto asistencia en Rúa C, parcela 160 – Polígono Industrial A Granxa 36475 O Porriño (Pontevedra) a unha distancia de 14,1 kms da nave de obras do Concello de Mos.

Oferto compromiso de atención inmediata nas reparacións, cun tempo de resposta inferior a 24 horas, en días laborables. SI

Oferto un prazo de entrega da máquina de 1 día.

TERCEIRO.- Requerir, logo de descargar o certificado de inscrición no rexistro xeral de contratistas da Comunidade Autónoma de Galicia, e documentación aportada, de conformidade co establecido no artigo 18.1 do PCAP, a TALLERES TURQUINO S.L., para que no prazo de 7 días hábiles, a contar desde o seguinte á notificación do presente acordo, presente a documentación que figura no citado artigo e que a continuación se transcribe:

- Documentación acreditativa de non concorrer causa de prohibición para contratar. (*Deberá achegarse testemuño xudicial, certificación administrativa ou declaración responsable outorgada ante unha autoridade administrativa ou organismo profesional cualificado, ou mediante acta de manifestacións ante notario público, de non estar incurso nas prohibicións para contratar coa Administración establecidas no artigo 71 da LCSP*).

- Documentación acreditativa da solvencia de conformidade co sinalado na cláusula 4.3. do PCAP.

- Declaración sobre cumprimento das condicións especiais de execución.

- Documentación acreditativa de constituír a correspondente garantía definitiva de acordo ao establecido na cláusula 19 do PCAP.

A Sra. Alcaldesa Presidenta da por terminada a reunión ás 9,50 horas.

E para constancia do tratado levanto a presente Acta que eu a Secretaria, tra-la súa lectura, someto á sinatura da Presidenta; dou fe.

